

Dúas illas

Unha ollada a Chrysí e á Arousa

Μια ματιά στη Χρυσή και Αρόουσα

IES San Clemente ♥ Santiago de Compostela

1º Επαγγελματικό Λύκειο ♥ Ιεράπετρα

CEIP de Sestelo-Baión ♥ Vilanova de Arousa

IES da Illa de Arousa

Dúas illas

Unha ollada a Chrysí e á Arousa

Μια ματιά στη Χρυσή και Αρόουσα

Plan Proxecta Paisaxe e Sustentabilidade "Dúas illas"

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

IES San Clemente, Santiago de Compostela

CEIP de Sestelo-Baión, Vilanova de Arousa

Ερευνητικές εργασίες - Σχεδιασμός κηποτεχνικών έργων

1ο Επαγγελματικό Λύκειο Ιεράπετρας

Waterwatchers Arousa

IES da Illa de Arousa

UNESCO
Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura

Con el patrocinio de
Comisión Nacional Española de Cooperación
con la UNESCO

Co patrocinio da Concellaría de Medio Ambiente e Participación Cidadá

Concello da Illa de Arousa

Título: Dúas illas
Subtítulo: Unha ollada a Chrysí e á Arousa
Serie: Exposicións enREDadas

Publica: Equipo de Dinamización da Lingua Galega - IES San Clemente
Rúa San Clemente s/n - 15705 Santiago de Compostela - Galiza - España
www.iessanclemente.net/plurilinguismo

Xunto con: 1ο Επαγγελματικό Λύκειο Ιεράπετρας
EDLG - CEIP de Sestelo-Baión
Waterwatchers - IES da Illa de Arousa

Colabora: Departamento de Galego - IES San Clemente

Licenza: creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0
Tes permiso para compartir este libro: copialo, distribuílo e transmitilo
Podes transformalo, se o resultado final o distribúes con esta licenza
Debes atribuír as obras aos autores
Non podes utilizar os contidos deste libro para fins comerciais
Cada autor ten todos os dereitos reservados sobre as súas obras

Website: www.iessanclemente.net/?p=5324
Contacto: edlg@iessanclemente.net

Deseño editorial: Marcos Vence
Portada: Charo Bañobre
Páxina 4: Mónica Yrago - La Voz de Galicia
Páxina 7: Mar Barral
Páxina 49: Miriam Rial
Contraportada: María Sourgiadáki

Impreso en Galiza: Creade - Santiago de Compostela
Segunda edición: Xuño 2016
ISBN: 978-84-608-8102-5
Depósito Legal: C-715-2016

Un proxecto múltiple



Buscando actividades innovadoras e creativas para levar á aula, xorde a posibilidade de traballar nun proxecto artístico e colaborativo a nivel europeo.

O proxecto base "Paisaxe e Sustentabilidade" ten por obxectivo comprender e interpretar a paisaxe, para desenvolver no alumnado unha actitude responsable de cara á sustentabilidade.

Un centro grego e dous galegos traballan con eTwinning, que fornece a plataforma necesaria para colaborar en actividades que comparan diferentes aspectos paisaxísticos das nosas illas: Arousa e Chrysí.

O noso alumnado de FP realizou actividades de investigación e creación web, producindo resultados reais, ao igual que nos seus futuros proxectos da súa próxima vida laboral. A colaboración e comunicación con Grecia permite o traballo de linguas. Así, o galego viaxa pola rede xunto ao grego e ao inglés.

E o traballo realizado serve de inspiración aos artistas enREDados para a creación dunha exposición e do catálogo que tedes nas mans.

Cristina París.
Coordinadora de "Paisaxe e Sustentabilidade" no IES San Clemente.
www.iessanclemente.net/?p=5262

Cada día, vexo unha illa lonxe, na distancia



Finalmente, isto converteuse nunha inspiración para a colaboración, para un proxecto escolar.

Profesores de dous países distintos, ollando dúas pequenas illas diferentes, que xuntan os seus alumnos para coñeceren esas dúas illas e para repararen nas súas diferenzas e semellanzas.

Unidos na diversidade, desde a natureza até as persoas.

Traballamos xuntos, investigamos e intercambiamos información sobre a xeografía, historia, cultura, flora e fauna das dúas illas, conectamos anacos de experiencia e coñecemento para crear algo real... e despois, o irreal, a imaxinación, a expresión artística do noso mundo interior.

Todo isto comezou a partir de dúas illas que nos inspiraron, Arousa e Chrysí.

Un proxecto eTwinning que se expande desde a tecnloxía até a arte, atopándose en enREDadas e navegando até o infinito e alén.

María Sourgiadáki.
Profesora de Ciencias Agrícolas no 1º EPAL de Ierápetra, Creta.

Waterwatchers da Arousa



Un Waterwatcher é un vixiante da auga e da praia. Ten que ocuparse de observar como está, de retirar lixo e de facer un estudo da recollida. Hai unhas 25 praias da Illa de Arousa neste Proxecto.

Cada alumno de 3º e 4º ESO é un Waterwatcher e ten asignada unha praia. Durante catro meses visita a súa praia quincenalmente, estuda o lixo que atopa, cobre unha ficha e recolle cinco residuos en cada visita aos que lles tira unha foto e publícaa no Facebook.

Ao finalizaren esta tarefa, no 30 de Abril, fan un traballo por grupos sobre o estado das praias e elaboran un informe que presentan aos mariñeiros e mariscadoras da Arousa, para conciencialos do grave problema da contaminación mariña.

Sonia González e Charo Bañobre.
Coordinadoras do proxecto Voz Natura no IES da Illa de Arousa.

Ένα πολλαπλό έργο



Ψάχνοντας να βρούμε καινοτόμες και δημιουργικές δραστηριότητες για να κάνουμε στην τάξη, καταλήξαμε στη δυνατότητα να δουλέψουμε πάνω σ' ένα καλλιτεχνικό και συνεργατικό Ευρωπαϊκό έργο.

Το βασικό έργο "Τοπίο και αειφορία" έχει στόχο την κατανόηση και ερμηνεία του τοπίου, την ανάπτυξη υπεύθυνης συμπεριφοράς από τους μαθητές σε σχέση με την αειφορία. Ένα σχολείο από την Ελλάδα και δύο σχολεία από την Γαλικία δουλεύουν με το eTwinning, το οποίο παρέχει την απαραίτητη πλατφόρμα για συνεργασία, σε δραστηριότητες που συγκρίνουν διαφορετικά στοιχεία του τοπίου δυο νησιών: της Αρόουσα και της Χρυσής.

Οι μαθητές μας της επαγγελματικής κατάρτισης ανάπτυξαν δραστηριότητες αναζήτησης και ψηφιακής δημιουργίας, παράγοντας πραγματικά αποτελέσματα, όπως θα κάνουν σε μελλοντικά έργα στον εργασιακό τους βίο. Η συνεργασία και η επικοινωνία με την Ελλάδα ευνόησε την γλωσσική εξάσκηση. Με αυτόν τον τρόπο η γαλικιακή γλώσσα ταξίδεψε μέσα από το δίκτυο, μαζί με τα Ελληνικά και τα Αγγλικά.

Και η εργασία που έγινε αποτέλεσε έμπνευση για την καλλιτεχνική κοινότητα enREDadas για την δημιουργία μιας έκθεσης και του καταλόγου που κρατάτε στα χέρια σας.

Cristina París - Συντονίστρια του έργου "Τοπίο και αειφορία" στο IES San Clemente.



Κάθε μέρα, βλέπω ένα νησί μακριά στον ορίζοντα

Τελικά γίνεται έμπνευση για συνεργασία σ' ένα σχολικό έργο. Καθηγητές από δυο διαφορετικές χώρες, κοιτώντας δυο διαφορετικά μικρά νησιά, φέρνουν τους μαθητές τους κοντά, για να γνωρίσουν αυτά τα νησιά, να συνειδητοποιήσουν πόσο διαφορετικά αλλά και πόσο όμοια είναι. Η ενότητα μέσα από την διαφορετικότητα, από τη

φύση μέχρι τους ανθρώπους.

Δουλεύουμε μαζί, εξερευνούμε και μοιραζόμαστε πληροφορίες σχετικά με τη γεωγραφία, την ιστορία, τον πολιτισμό, τη χλωρίδα και την πανίδα των δυο νησιών, ενώνουμε κομμάτια εμπειρίας και γνώσεων, για να φτιάξουμε κάτι πραγματικό...και μετά έρχεται το εξωπραγματικό, η φαντασία, η καλλιτεχνική έκφραση του εσωτερικού μας κόσμου.

Κι όλα άρχισαν από δυο νησιά που μας ενέπνευσαν, την Αρόουσα και τη Χρυσή. Ένα πρόγραμμα eTwinning που εκτείνεται από την τεχνολογία μέχρι την τέχνη, συναντώντας τους enREDadas και σαλπάροντας για μακρινά ταξίδια.

Μαρία Σουργιαδάκη - καθηγήτρια γεωπονικής - 1ο ΕΠΑΛ Ιεράπετρας.



Νεροπαρατηρητές της Αρόουσα

Ο νεροπαρατηρητής είναι ένας φύλακας του νερού και της παραλίας. Πρέπει να παρατηρεί, να απομακρύνει τα σκουπίδια και να μελετά ότι έχει συλλέξει. Υπάρχουν περίπου 25 παραλίες του νησιού Αρόουσα σ'αυτό το πρόγραμμα.

Κάθε μαθητής της 3ης και 4ης δευτεροβάθμιας τάξης είναι ένας νεροπαρατηρητής και έχει αναλάβει μια παραλία. Για τέσσερεις μήνες επισκέπτεται την παραλία του κάθε δυο εβδομάδες. Μελετάει τα σκουπίδια που βρίσκει, συμπληρώνει ένα έγγραφο και συλλέγει πέντε αντικείμενα κάθε φορά. Παίρνει φωτογραφία τα αντικείμενα αυτά και τα δημοσιεύει στο facebook. Όταν ολοκληρώσουν οι μαθητές αυτή την αποστολή τους, στις 30 Απριλίου, θα κάνουν μια ομαδική εργασία για την κατάσταση των παραλιών και θα ολοκληρώσουν μια αναφορά που θα δείξουν στους ναυτικούς και στους ανθρώπους που μαζεύουν όστρακα στην Αρόουσα, ώστε να τους ευαισθητοποιήσουν για τα σοβαρά προβλήματα της θαλάσσιας ρύπανσης.

Sonia González και Charo Bañobre - Συντονίστριες του προγράμματος "Voz Natura" στο IES του νησιού Αρόουσα.

Καλλιτέχνες

Εκπαιδευτικοί

Profesores

e

Profesoras

Artistas



Un paraíso na terra
Ένας παράδεισος επί της γης

Sandra Patricia García Becerra
Bogotá, Colombia - Μπογκοτά, Κολομβία

Illa de Chrysí, un paraíso na terra.

Νησί Χρυσή, ένας παράδεισος στη γη.

GRECIA



pelican

Un paraiso en la tierra

chrysi





curruca-sabalpina

Patricia Garcia
Bogotà Colombia

Refuxio
Καταφύγιο

Luisa Pillacela Chin
Cuenca, Ecuador - Κουένσα, Εκουαδόρ

Esta obra garda relación cos acontecementos que actualmente se suceden nas costas gregas, especialmente nas illas, onde chegan refuxiados procedentes de Siria e outros enclaves de conflito. Moitas das illas presencian o éxodo.

Αυτό το έργο σχετίζεται με τα γεγονότα που συμβαίνουν στις Ελληνικές ακτές, ειδικά στα νησιά, όπου φτάνουν πρόσφυγες από τη Συρία και άλλες εμπόλεμες περιοχές. Πολλά νησιά γίνονται μάρτυρες της εξόδου.

Refugio



Luisa Pillacela Chin

Emigrar
Μεταναστεύω

José Luis Crespo Fajardo
Cuenca, Ecuador - Κουένσα, Εκουαδόρ

A composición transmite a idea da emigración. Os habitantes de Galiza e, en concreto, da Arousa, foron tradicionalmente emigrantes en América Latina. É un tema que me toca moi de cerca porque hai tres anos que emigrei a Ecuador, xa que en España non podía gañar a vida por falta de oportunidades.

Η σύνθεση μεταδίδει την ιδέα της μετανάστευσης. Κάτοικοι της Γαλικίας, ιδιαίτερα από την Αρόουσα, παραδοσιακά μετανάστευαν στη Λατινική Αμερική. Αυτό το θέμα είναι πολύ οικείο μου, αφού κι εγώ έχω μεταναστεύσει στο Εκουαδόρ εδώ και τρία χρόνια, επειδή δεν μπορούσα να εξασφαλίσω τα προς το ζειν στην Ισπανία λόγω έλλειψης ευκαιριών.

Emigrar



José L. Crespo Fajardo

Indicador
Δείκτης

Carlos Álvarez Cuenllas
León, España - Λεόν, Ισπανία

A imaxe mostra fauna e paisaxe das dúas illas, pero transformadas. O sinal amosa "dúas illas" como un posible destino para viaxeiros.

Η εικόνα δείχνει την πανίδα και το τοπίο και των δυο νησιών, αλλά μεταμορφωμένα. Ο δείκτης εμφανίζει “Τα δυο νησιά” σαν πιθανό προορισμό ταξιδιωτών.


DÍAS

Mouras e moiras *tinyurl.com/mourasemoiras*

Mónica Montero Parcero
Ribeira, Galiza - Ριβέϊρα, Γαλικία

Na mitoloxía galega as MOURAS son seres fantásticos con poderes sobrenaturais. As lendas describen estes seres como doncelas novas de grande beleza ou encantadoras princesas “perigosamente sedutoras”. Aparecen frecuentemente cantando e peiteando os seus longos cabelos, louros como o ouro ou negros como a noite, cun peite de ouro, e prometen tesouros a quen as libere do encanto. As mouras poden desprazarse polo aire levando enormes pedras megalíticas na cabeza, ao mesmo tempo que fían coa roca ou levan un neno no colo ao que aleitan se ten fame.

Na mitoloxía grega tres mulleres, as MOIRAS determinaban o destino dos deuses e dos seres humanos. Tres irmás encargadas de fabricar, tecer e cortar o fío da vida de todos os individuos. As moiras usan a Roda da Fortuna que é o tear, para tecer estes fíos.

Dúas culturas: atlántica e mediterránea. Dúas mitoloxías: galega e grega. Dúas illas: Arousa e Chrysí.

Porén, moiras e mouras están máis cerca do que aparentan. Existen vínculos. Fíos de prata delicadísimos que unen estes seres míticos. De feito, aínda que hai moitas teorías sobre a orixe etimolóxica da palabra moura, especúlase con que o termo poida derivar da palabra grega “moira” (μοίρα), que literalmente significa “destino” e, polo tanto, das moiras. Unhas e outras tecen. A roca e o fuso son elementos definitorios de mouras e moiras.

Pero onde todas elas conviven é na nosa imaxinación. E aquí están. Unidas para sempre por un fío de prata.



Μόουρας και μοίρες *tinyurl.com/mourasemoiras*

Mónica Montero Parcero - Ριβέϊρα, Γαλικία

Στη μυθολογία της Γαλικίας, οι Μόουρας είναι φανταστικά όντα με υπερφυσικές δυνάμεις. Θρύλοι περιγράφουν αυτά τα φανταστικά όντα σαν πολύ όμορφες και νεαρές κοπέλες, “επικίνδυνα ελκυστικές”. Συχνά εμφανίζονται να τραγουδούν και να χτενίζουν τα μακρυά μαλλιά τους, ξανθά σαν χρυσάφι ή μαύρα σαν τη νύχτα, με μια χτένα φτιαγμένη από χρυσό, και υπόσχονται θησαυρούς σε όποιους λύσουν τα μάγια. Οι Μόουρας μπορούν να ταξιδεύουν στον αέρα μεταφέροντας ογκόλιθους στο κεφάλι τους και την ίδια στιγμή να περιστρέφουν την ανέμη, ή να μεταφέρουν ένα μωρό στην αγκαλιά τους και να το θηλάζουν όταν πεινάει.

Στην Ελληνική μυθολογία τρεις γυναίκες, οι Μόιρας (Μοίρες), αποφασίζουν την τύχη των Θεών και των ανθρώπων. Τρεις αδερφές υπεύθυνες για να παράγουν, να υφαίνουν και να κόβουν το νήμα της ζωής όλων των ανθρώπων. Οι Μόιρας (Μοίρες) χρησιμοποιούν τον τροχό της τύχης που είναι ο αργαλειός που υφαίνει αυτά τα νήματα.

Δυο πολιτισμοί: Ατλαντικός και Μεσογειακός. Δυο μυθολογίες: Γαλικιακή και Ελληνική. Δυο νησιά: Αρόουσα και Χρυσή.

Εντούτοις, οι Μόιρας (Μοίρες) και οι Μόουρας είναι πιο κοντά απ’ οτι φαίνεται. Υπάρχουν δεσμοί. Υπάρχουν πολύ λεπτά ασημένια νήματα που ενώνουν αυτά τα μυθικά όντα. Πράγματι, αν και υπάρχουν πολλές θεωρίες σχετικά με την ετυμολογική προέλευση της λέξης moura, υπάρχουν εικασίες οτι η λέξη προέρχεται από την ελληνική λέξη moira, που σημαίνει μοίρα. Και οι δυο υφαίνουν. Η ανέμη και το αδράχτι είναι καθοριστικά στοιχεία των muras και moiras.

Αλλά εκεί που οι δεσμοί είναι ξεκάθαροι είναι στη φαντασία μας. Και νάτες τώρα. Συνδεδεμένες για πάντα μ' ένα ασημένιο νήμα.




Pegadas
Ίχνη

Ana Hernández Revuelta
Madrid, España - Μαδρίτη, Ισπανία

Pegadas, illas, rochas, area e mar... Mestura de pasos entre illas, de pegadas entrelazadas fundidas no mesmo mapa. Sorte dun camiño por debuxar... "Son as túas pegadas o camiño, nada máis..."

Ίχνη, νησιά, πέτρες, άμμος και θάλασσα... Μίγμα βημάτων ανάμεσα σε νησιά, ίχνη που ανακατεύονται στον ίδιο χάρτη. Ένα είδος μονοπατιού για να ζωγραφίσουμε... "Τα ίχνη σου είναι το μονοπάτι, τίποτε άλλο..."



ANA HERNÁNDEZ REVUELTA

Viaxe e emigración
Ταξίδι και μετανάστευση

María Sourgiadáki, Ierápetra, Creta, Grecia
Μαρία Σουργιαδάκη, Ιεράπετρα, Κρήτη, Ελλάδα

Os símbolos de liberdade.
O mesmo paxaro pode voar dunha illa a outra.
Pero a xente?
Pode viaxar libremente dun país a outro?
A beleza da natureza.
Os elementos das dúas illas invaden a miña mente.
E a nosa sociedade?
Onde está a esperanza e o espírito do ceo azul?
A escuridade está a expandirse...

Τα σύμβολα της ελευθερίας.
Το ίδιο πουλί μπορεί να πετάει ελεύθερο από το ένα νησί στο άλλο.
Και οι άνθρωποι;
Μπορούν να ταξιδεύουν ελεύθερα από τη μια χώρα στην άλλη;
Η ομορφιά της φύσης.
Τα στοιχεία των δυο νησιών που κυριεύουν το μυαλό μου.
Και η κοινωνία μας;
Πού είναι η ελπίδα και το πνεύμα του γαλάζιου ουρανού;
Το σκοτάδι επεκτείνεται…


mariaS.

Libérame
Ελευθέρωσέ με

María Sourgiadáki, Ierápetra, Creta, Grecia
Μαρία Σουργιαδάκη, Ιεράπετρα, Κρήτη, Ελλάδα

Xogando coa forma dunha illa que descubrín recentemente, apareceu unha rapariga.
Estaba aterrorizada. "Libérame!", dicía...
Quero liberdade e esperanza para toda a xente.

Παίζοντας με το σχήμα ενός νησιού που ανακάλυψα πρόσφατα, ένα κορίτσι εμφανίστηκε.
Την βλέπω τρομαγμένη. "Ελευθέρωσέ με", λέει...
Θέλω ελευθερία και ελπίδα για όλους.


Illa de Arousa
Ría de Arousa
A Illa de Arousa
mariaS.

Golfiño
Δελφίνι

Raúl Albanece
Gualeguaychú, Arxentina - Gualeguaychú, Αργεντινή

Pensar en illas é pensar no mar.
Pensar no mar é pensar, entre outras cousas, en golfiños.
Pensar en Creta é pensar en golfiños, os golfiños do palacio de Knossos.

Το να σκέφτεσαι νησιά είναι σα να σκέφτεσαι τη θάλασσα.
Το να σκέφτεσαι τη θάλασσα είναι σα να σκέφτεσαι και τα δελφίνια.
Το να σκέφτεσαι τη Κρήτη είναι σα να σκέφτεσαι δελφίνια, τα δελφίνια στο παλάτι της Κνωσσού.



Raúl Albanece
Gualeguaychú
Argentina

As crebas
Τα συντρίμια

Helga Correa
Santa Maria, Brasil - Σάντα Μαρία, Βραζιλία

Composición con restos atopados nunha illa.

Σύνθεση με συντρίμια που βρέθηκαν σ' ένα νησί.



Os faros e as súas historias
Οι φάροι και οι ιστορίες τους

Juan Ramón Fernández Puñal
Jaén, España - Χαέν, Ισπανία

Na actualidade, o faro que se atopa no oeste da illa de Chrysí e o faro de Punta Cabalo na Arousa, son elementos vivos e moldeables con capacidade de adaptarse aos tempos actuais. Convertéronse nunha figura indispensable na iconografía marítima local, facendo que a súa inexistente luz atraia persoas que redescobren estes espazos cheos de nostalxia e encanto.

Σήμερα, ο φάρος στη δυτική ακτή του νησιού Χρυσή και ο φάρος στο Punta Cabalo στην Αρόουσα, είναι ζωντανά και εύπλαστα στοιχεία που είναι ικανά να προσαρμόζονται στο παρόν. Έγιναν μια απαραίτητη μορφή για την τοπική ναυτική εικονογραφία, κάνοντας τους ανθρώπους να ελκύονται από το ανύπαρκτο φως τους, και να ξαναανακαλύπτουν αυτά τα μέρη γεμάτα νοσταλγία και γοητεία.




O faro
Ο φάρος

Charo Bañobre
Arousa, Galiza - Αρόουσα, Γαλικία

No punto de mira, centrándonos, atopamos a luz que nos guía.

Εστιάζοντας, βρίσκουμε το φως που μας οδηγεί.





As miñas barquiñas
Οι μικρές μου βάρκες

Charo Bañobre
Arousa, Galiza - Αρόουσα, Γαλικία

Embarcándonos nas augas de Arousa.

Επιβιβαζόμενοι στα νερά της Αρόουσα.


TITANIC


O QUELLE PONAN

O mar
Η θάλασσα

Charo Bañobre
Arousa, Galiza - Αρόουσα, Γαλικία

O mar, o sustento da vida.

Η θάλασσα, η βάση της ζωής.





Brinde polas procesións das illas enREDadas
Μια πρόποση για τις πομπές των νησιών enREDadas

Montserrat Ansótegui Rodríguez
Logroño, A Rioxa - Λογρόνιο, Λα Ριόχα

Illas enREDadas, Arte, Pensamento, Mar, Cor, Debuxo, Vida, Creatividade, Terra, Multidisciplinar, Visual, Reflexión, Experimento, Alma, Plástica, Enredada, Beleza, Proceso, Intercambio, Rexistro, Fantasía, Creación, Exposición, Natureza, Expresividade, Percepción, Concepto, Achega, Vivencia, Contorno, Interacción, Artista, Procura, Participación, Contexto, Implicación, Comunicación.

Νησιά enREDadas, τέχνη, σκέψεις, θάλασσα, χρώμα, σχέδιο, ζωή, δημιουργικότητα, γη, πολυθεματικό, οπτικό, αντανάκλαση, πείραμα, ψηχή, πλαστικό, μπερδεμένο, ομορφιά, πομπή, ανταλλαγή, εγγραφή, δημιουργία, έκθεση, φύση, έκφραση, αντίληψη, έννοια, συμβολή, εμπειρία, περίγραμμα, διάδραση, καλλιτέχνης, αναζήτηση, εμπλοκή, περιεχόμενο, υπαινιγμός, επικοινωνία.




Brindis por las procesiones de Islas EnREDadas. Expo DÚAS ILLAS, Galicia, España ©Montserrat Ansótegui 2016 España

Sabor salgado
Αλμυρή γεύση

Gilberto López
Nayarit, México - Ναγιαρίτ, Μεξικό

Os teus bicos fóronse como espuma de mar.
As túas palabras ancoradas, ficaron no meu ser.
Mais foi un triste sabor salgado
o que deixou a túa ausencia na miña pel.

Τα φιλιά σου έφυγαν, σαν τον αφρό της θάλασσας
τα λόγια σου αγκιστρώθηκαν, έμειναν στο μυαλό μου
αλλά ήταν μια δυσάρεση αλμυρή γεύση
που η απουσία σου άφησε στο δέρμα μου.



Fraseoloxía carcamana
Καρκαμανική φρασεολογία

tinyurl.com/duasillas-fc

Mar Barral Núñez
Carril, Galiza - Καρρίλ, Γαλικία

Expresión da linguaxe a través da cerámica:
Frases de uso coloquial na Arousa.

Γλωσσικές εκφράσεις μέσα από την κεραμική:
Καθημερινές φράσεις στην Αρόουσα.


Andar ao bunato
Boler a achar
Arriar cabo
Coller media area
Facer dous peixes
Levar unha chaquetilla
Facer unha

Talasonimia da Arousa *tinyurl.com/duasillas-ta*
Θαλασσωνύμια της Αρόουσα

Mar Barral Núñez
Carril, Galiza - Καρρίλ, Γαλικία

Expresión da linguaxe a través da cerámica:
Toponimia marítima da Arousa.

Γλωσσικές εκφράσεις μέσα από την κεραμική:
Θαλασσινά τοπωνύμια της Αρόουσα.


TALASONIMIA DA AROUSA

Dicionario de ausencias *tinyurl.com/duasillas-da*
Λεξικό των απουσιών

Mar Barral Núñez
Carril, Galiza - Καρρίλ, Γαλικία


Expresión da linguaxe a través da cerámica:
Palabras usadas acotío na Arousa, non recollidas na norma oficial do galego.

Γλωσσικές εκφράσεις μέσα από την κεραμική:
Λέξεις που χρησιμοποιούνται συχνά στην Αρόουσα, αλλά δεν ανήκουν στην επίσημη γαλικιακή γλώσσα.

GOLFE
COCHADO
ABELLA DE SAN PEDRO
GEVA
CACHOLA
GARROA

Καλλιτέχνες Μαθητές και Μαθήτριες

Alumnas e Alumnos Artistas



Ponte SBSB
Γέφυρα SBSB

Sonia Santamaría, Sara Novás, Beatriz Rodríguez, Brais Torre
Baión, Galiza - Μπαϊόν, Γαλικία

Esta ponte facilitou o medio de transporte. Antes, a xente tiña que ir en barco, gastar diñeiro e tardaban moito. Desde a ponte tes unhas vistas marabillosas da ría.

Αυτή η γέφυρα διευκολύνει τα μέσα μεταφοράς. Στο παρελθόν οι άνθρωποι έπρεπε να πάνε με βάρκα, να ξοδέψουν τα χρήματά τους και χρειαζόταν πολύς χρόνος. Από τη γέφυρα έχεις υπέροχη θέα στο τοπίο.



A ponte polo día
Η γέφυρα την ημέρα

Ángel Vila
Baión, Galiza - Μπαϊόν, Γαλικία

A ponte desde lonxe.

Η γέφυρα από μακρυά.



Vistas traseiras
Πίσω όψεις

Xerome Vence
Baión, Galiza - Μπαϊόν, Γαλικία

Esta é a parte traseira da illa, onde se ve un con (que é unha rocha), o faro, as praias, o bosque, unhas cunchas, bateas e un *arroás*.

Αυτή είναι η πίσω πλευρά του νησιού, όπου μπορείς να δεις ένα "con" (είναι ένας βράχος), το φάρο, τις παραλίες, το δάσος, κάποια κοχύλια, επιπλέουσες κατασκευές από μυδοκαλλιέργειες και ένα δελφίνι.


CON

Un día na praia
Μια μέρα στην παραλία

Javier Pérez, Pablo Rial
Baión, Galiza - Μπαϊόν, Γαλικία

Un bo día de praia na Illa de Arousa.

Μια ωραία μέρα στην παραλία του νησιού Αρόουσα.



A Illa de Arousa á nosa maneira
Το νησί Αρόουσα με τον τρόπο μας

Sabela Torre, Olalla Otero, Martina Jueguen
Baión, Galiza - Μπαϊόν, Γαλικία

Esta é a nosa illa… e á nosa maneira. Na realidade a Illa de Arousa ten forma de 7, pero a nosa é así. Ten praias, camiños de area e herba, unha palmeira, un barco e pedras polo mar.

Αυτό είναι το νησί μας...και με το δικό μας τρόπο. Το νησί Αρόουσα έχει το σχήμα του αριθμού επτά, αλλά το δικό μας είναι έτσι. Έχει παραλίες, μονοπάτια με άμμο και γρασίδι, ένα φοίνικα, μια βάρκα και πέτρες στη θάλασσα.



A noite na Illa de Arousa
Μια νύχτα στο νησί Αρόουσα

Elisa Tourís, Yoel Varela
Baión, Galiza - Μπαϊόν, Γαλικία

Na Illa, cando é de noite, podes ver moitas cousas: estrelas, luces de moitos tipos, etc. Hai praias extensas e ás veces lanchas. Tamén podes ver as ondas bater coas pedras. A Illa de noite é fermosa! Se podes ir vela, encantarache.

Σ' αυτό το νησί, τη νύχτα, μπορείς να δεις πολλά; αστέρια, φώτα διάφορα κλπ. Υπάρχουν μεγάλες παραλίες και μερικές φορές βάρκες. Μπορείς να δεις επίσης κύματα να σπάνε στους βράχους. Το νησί είναι όμορφο τη νύχτα! Αν το επισκεφτείς, θα το αγαπήσεις.



Galiesfera
Γαλικόσφαιρα

Lía Pérez, Andrea Rial
Baión, Galiza - Μπαϊόν, Γαλικία

Presentación da Illa: lugar de moito marisco, paisaxes verdes e… praias relaxantes.

Παρουσίαση του νησιού: ένας τόπος με πολλά κοχύλια, πράσινα τοπία και... χαλαρωτικές παραλίες.



O clube do faro
Το κλαμπ του φάρου

Diego Poza
Baión, Galiza - Μπαϊόν, Γαλικία

Esta é unha representación do faro da illa e tamén do marisco e das praias que hai na zona.

Αυτή είναι μια παρουσίαση του φάρου του νησιού, κοχυλιών και παραλιών που υπάρχουν εκεί.




Os golfiños saltareiros
Δελφίνια που πηδούν

Alexis Buezas, Alejandro Márquez
Baión, Galiza - Μπαϊόν, Γαλικία

Unha praia da Arousa vista dende o ceo. Hai dous golfiños brincando por riba de dúas bateas.

Μια παραλία της Αρόουσα όπως τη βλέπουμε απ' τον ουρανό. Υπάρχουν δυο δελφίνια που παίζουν πάνω από δυο επιπλέουσες κατασκευές μηδοκαλλιεργειών.




As xoubas
Οι μικρές σαρδέλες

Sandro Iglesias
Baión, Galiza - Μπαϊόν, Γαλικία

No mes de maio, as xoubas achéganse ás illas.

Το μήνα Μάιο, οι μικρές σαρδέλες πλησιάζουν τα νησιά.



Todo mesturado
Όλα ανακατεμένα

Giannis Paterakis - Γιάννης Πατεράκης
Ierápetra, Creta - Ιεράπετρα, Κρήτη

O mar, a natureza, o sol e o ceo nocturno das dúas illas, todo mesturado.

Η θάλασσα, η φύση, ο ήλιος και ο νυχτερινός ουρανός των δυο νησιών, όλα μαζί ανακατεμένα.


Giannis Paterakis

Pantasma
Φάντασμα

Nadia Kritikaki - Νάντια Κρητικάκη
Ierápetra, Creta - Ιεράπετρα, Κρήτη

Un home atormentado por unha pantasma.
As preocupacións do noso subconsciente poden aparecer en calquera lugar.

Ένας άντρας, που τον κυνηγάει ένα φάντασμα.
Οι ανησυχίες του υποσυνείδητου, μπορούν να εμφανιστούν οπουδήποτε.



As Si
Lera
Vilanova
de Arousa
Illa de Arousa
Rúa do Cabodeiro
A Illa de
Arousa
PO-306
PO-307

Dúas flores
Δύο λουλούδια

Giannis Tzaris - Γιάννης Τζαρής
Ierápetra, Creta - Ιεράπετρα, Κρήτη

Dúas illas, dúas flores:
Romulea clusiana da Arousa e Pancratium maritimum de Chrysí, combinadas nunha soa flor.

Δύο νησιά, δύο λουλούδια:
Romulea clusiana από την Αρόουσα και Pancratium maritimum από τη Χρυσή, ενώνονται και γίνονται ένα.


Γιάννης Τζαρής

Riasón *tinyurl.com/microplasticos*
Ριασόν

Miriam Rial
Arousa, Galiza - Αρόουσα, Γαλικία

Manter as nosas praias limpas, é traballo de todos.

Το να κρατήσουμε τις ακτές καθαρές, είναι δουλειά όλων μας.



Manter as nosas praias limpas



é traballo de todos!



Despois do temporal
Μετά τη θύελλα

Noa Núñez
Arousa, Galiza - Αρόουσα, Γαλικία

O temporal fai que o mar volva ao seu sitio e reclame o que lle comemos no pasado.

Η θύελλα κάνει τη θάλασσα να επιστρέψει στη θέση της και να απαιτήσει ότι απομακρύναμε στο παρελθόν.

Noa Núñez





Beleza
Ομορφιά

Sergio Cañón
Arousa, Galiza - Αρόουσα, Γαλικία

A beleza da natureza está no coidado da nosa terra.

Η φροντίδα της γης μας είναι το κλειδί για την ομορφιά της φύσης.





Sergio Cañón Otero

Waterwatchers

Dani Acosta, Asier Otero, Carlos Pouso, Sandra Vázquez, Sabela Suárez, Iago Romero, Fátima Álvarez, Sandra Vázquez, Sergio Falcón, Manuel Antonio García

Arousa, Galiza - Αρόουσα, Γαλικία

Praias de Gradín, Espiñeiro, Bao, Conretellado, Cabodeiro, Sapeira, Semuíño, Riasón e Aguiúncho.

Selección de carteis creados por este grupo de alumnos e alumnas do IES da Illa de Arousa.

"A nosa loita é deixar as costas libres de lixo. Crear conciencia e actuar localmente. Ese é o motor do cambio."

Παραλίες: Gradín, Espiñeiro, Bao, Conretellado, Cabodeiro, Sapeira, Semuíño, Riasón και Aguiúncho.

Επιλογή από αφίσες που έφτιαξε αυτή η ομάδα μαθητών του IES Illa de Arousa.

"Η μάχη μας είναι να αφήσουμε καθαρή την ακτή από σκουπίδια. Ευαισθητοποιούμε όλους και δρούμε τοπικά. Αυτή είναι η κινητήρια δύναμη για αλλαγή."

